

A INCAPACIDADE TEMPORAL DOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS PROTEXIDOS POR MUFACE: PEGADA DO PASADO E PERSPECTIVAS DE FUTURO

SUSANA RODRÍGUEZ ESCANCIANO

Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de León
srode@unileon.es

RESUMO

Definida a incapacidade temporal dos funcionarios como a situación de imposibilidade transitoria na prestación de actividade como consecuencia dun proceso patolóxico por enfermidade, común ou profesional, ou por accidente sexa ou non en acto de servizo, sempre e cando os beneficiarios reciban tratamento médico, cabe destacar varias especialidades que adornan a tutela xurídica dispensada polo Mutualismo administrativo, principalmente referidas á disposición da pertinente licenza por enfermidade, a recepción de asistencia sanitaria a través dos oportunos concertos, a existencia de limitacións nas posibles melloras voluntarias, a exclusión das retribucións variables no cálculo da base reguladora, a maior amplitude do concepto de recaída e a extinción ante a xubilación por incapacidade permanente.

Palabras clave: Licencia por enfermidade, Mutualismo administrativo, Melloras voluntarias, Inutilidade temporal, Funcionarios públicos.

ABSTRACT

Defined the temporary incapacity of the public employees as the situation of transitory impossibility in the provision of activity as a result of a pathological process by illness, common or professional, or by accident whether or not in the act of service, as long as the beneficiaries receive

medical treatment, it should be highlighted several specialties, which adorn the legal protection provided by the administrative Mutualism, mainly referring to the provision of the sick permission, the dispensation of health care through the appropriate concerts, the existence of limitations on possible voluntary improvements, the exclusion of variable remuneration in the calculation of the regulatory base, the greater amplitude of the concept of relapse and the extinction before retirement due to permanent disability.

Key words: Sick permission, Administrative mutualism, Voluntary improvements, Temporary incapacity, Public employees.

SUMARIO

1. A PROTECCIÓN SOCIAL DOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS: O SEU COMPLEXO DESEÑO; 2. ÁMBITO SUBXECTIVO DA MUTUALIDADE DOS FUNCIONARIOS CIVÍS DO ESTADO. A INCIDENCIA DA LEI DE PRESUPOSTOS PARA 2017; 3. A LICENZA POR ENFERMIDADE; 4. ASISTENCIA SANITARIA; 5. O PROCESO DE INCAPACIDADE TEMPORAL: NACEMENTO; 6. BASE REGULADORA, CONTÍA DA PRESTACIÓN E COMPLEMENTOS ECONÓMICOS; 7. RECAÍDAS; 8. EXTINCIÓN ANTE A DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE; 9. BIBLIOGRAFÍA.

1. A PROTECCIÓN SOCIAL DOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS: O SEU COMPLEXO DESEÑO

A Administración Pública española foi precoz na creación de sistemas de protección social dos empregados públicos nun momento no que a Seguridade Social non existía; facendo referencia directa aos riscos que ameazan a normalidade do ingreso procedente do traballo, aqueles gozaron moito antes que ninguén dunha serie de dereitos moi estimables: permisos de enfermidade con todo ou parte do soldo, descanso retribuído por maternidade, xubilación anticipada (de novo coa integridade das súas retribucións), pensión extraordinaria cando a invalidez ou a morte sobreviñan en

acto de servizo, utilización gratuíta (para as forzas armadas e outros sectores burocráticos) de servizos médicos e farmacéuticos e, sobre todo, pensións de retiro ou xubilación e viuvez ou orfandade (Carrasco Belinchón, 1958, páx. 28). Sen perder de vista esta pegada histórica, aínda a día de hoxe os funcionarios públicos, civís e militares, integran un dos réximes especiais da Seguridade Social á luz do art.º 10. 2 e) do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (TRLXSS).

É máis, aínda cando unha interpretación literal do citado precepto podería dar a entender, nunha primeira aproximación, que existe un único réxime de Seguridade Social para todo aquel que presta servizos a favor da Administración en calidade de funcionario, o certo é que tal afirmación non pode estar máis distante da realidade, pois o lexislador deseñou ata tres sistemas especiais distintos en atención á vinculación funcional do funcionario, ben coa Administración Civil do Estado, ben coas Forzas Armadas, ben coa Administración de Xustiza, variedade que respecta o contido do art.º 14 ou do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Estatuto básico do empregado público (TREBEP), o cal recoñece, entre o catálogo de dereitos individuais dos funcionarios, o relativo "ás prestacións da Seguridade Social correspondentes ao réxime que lles sexa de aplicación" (Monereo Pérez, 2011, páx. 112).

Á súa vez, cada un destes mecanismos ordena a acción protectora en dous modelos completamente separados, encargados da xestión de diferentes prestacións e auxilios, inspirados en disímiles principios e regras particulares: por unha parte, clases pasivas e, por outra, mutualismo administrativo (García Núñez e Dolz Lago, 1997, páx. 709). O primeiro é común para os tres grupos de funcionarios, encontrando a súa regulación no texto refundido aprobado por Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril (LCPE), desenvolvido por Real decreto 172/1998, do 11 de febreiro. Agora ben, a vertente protectora difire substancialmente no marco do segundo, o sistema

mutualista, específico para cada un dos tres colectivos anteriormente mencionados. Así, existe unha Mutualidade que abrangue os Funcionarios Cívís do Estado, regulada polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, desenvolvido por Real decreto 375/2003, do 28 de marzo (MUFACE); outra para o persoal ao servizo das Forzas Armadas, cuxo réxime xurídico vén recollido no Real decreto legislativo 1/2006, do 9 de xuño, desenvolvido por Real decreto 1726/2007, do 21 de decembro (ISFAS); e unha terceira que engloba o persoal ao servizo da Administración de Xustiza, ordenada polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, desenvolvido por Real decreto 1026/2011, do 15 de xullo (MUGEJU).

Baixo este charramangueiro paraugas, o sistema de clases pasivas protexe, mediante pensións, os que abandonasen o servizo activo, ante os riscos de vellez (xubilación ou retiro), incapacidade, morte e supervivencia (viuvez, orfandade e a favor de pais), que poden ter carácter extraordinario en tanto en canto a súa orixe quede situada nunha lesión, morte ou desaparición producida nun acto de servizo ou como consecuencia deste (art.º 19.1 Real decreto legislativo 670/1987). Pola súa banda, o mutualismo céntrase especialmente naquelas continxencias que non impliquen o abandono da vida activa, incluíndo a dispensa de asistencia sanitaria (ben a través do sistema público de saúde ou entidades de seguro privado), prestación farmacéutica, incapacidade temporal para o servizo, complementos por inutilidade permanente, axudas por maternidade, subsidio por risco durante o embarazo e lactación natural, prestacións ortoprotésicas, axuda ao enterro e outras indemnizacións asistenciais. Queda, polo tanto, carente de protección a continxencia do desemprego, dada a estabilidade no desempeño da actividade profesional dos funcionarios que recolle o art.º 14 a) TREBEP, de modo que unicamente afecta, a teor do art.º 264 TRLXSS, a: "os funcionarios interinos, o persoal eventual, así como o persoal contratado no seu momento en réxime de Dereito Administrativo ao servizo das Administracións Públicas" [apartado d)], os membros das Corporacións Locais con dedicación exclusiva ou parcial que perciban retribución

[apartado e)] e os altos cargos das Administracións públicas con dedicación exclusiva que sexan retribuídos por iso e non sexan funcionarios, salvo que teñan dereito a percibir retribucións, indemnizacións ou calquera outro tipo de prestación compensatoria como consecuencia do seu cesamento [apartado f)] (Fernández Fernández e Rodríguez Escanciano, 2016, páx. 53).

Como complexidade adicional, tampouco cabe esquecer que moitos funcionarios públicos van ter cubertos os seus riscos e continxencias a través do réxime xeral da Seguridade Social, non en van o art.º 136 TRLXSS entende que esta calidade concorre naqueles que non estean situados en clases pasivas, os que se incorporen ao emprego público con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2011 (agás para o mutualismo administrativo), os transferidos ás Comunidades Autónomas e os membros das Corporacións Locais.

2. ÁMBITO SUBXECTIVO DA MUTUALIDADE DOS FUNCIONARIOS CIVILES DO ESTADO. A INCIDENCIA DA LEI DE PRESUPOSTOS PARA 2017

Unha vez aclarada a distinta cobertura proporcionada por clases pasivas e polo mutualismo administrativo, cabe recordar que a Mutualidade de Funcionarios Cívís do Estado (MUFACE) incorpora de forma xenérica e con amplitude de miras a aqueles funcionarios que non poidan proceder á alta no réxime xeral nin se encontran comprendidos en calquera dos outros dous réximes especiais previstos para os funcionarios públicos, pero seguidamente realiza tamén unha tripla operación restritiva: a primeira, sinalando os colectivos incluídos, ben de forma obrigatoria, ben de forma opcional; a segunda, precisando o elenco de posibles beneficiarios; e a terceira, indicando cales son os corpos ou escalas aos que non vai estenderse o seu ámbito de protección (e Rodríguez Escanciano, 2011, páx. 130). Así:

- 1.- Quedan encadrados obrigatoriamente (art.º 3 Real decreto 375/2003):

- a) Funcionarios de carreira da Administración Civil do Estado.
- b) Funcionarios en prácticas.
- c) Funcionarios interinos relacionados no art.º 1 Decreto lei 10/1965, do 23 de setembro, é dicir, os nomeados con anterioridade a 1 de xaneiro de 1965 e que percibisen soldo detallado nos Presupostos Xerais do Estado con cargo a persoal.
- d) Persoal funcionario do extinguido Servizo de Pósitos, a partir de 1 de xaneiro de 1985.
- e) Funcionarios do extinguido Padroado Nacional Antituberculoso e das Enfermidades do Tórax, que se encontraran acollidos ao réxime de clases pasivas a partir do 30 de xuño de 1990.
- f) Funcionarios civís ao servizo da Administración militar que tivesen exercitado a opción de incorporarse ao presente réxime especial en virtude do establecido nas disposicións adicionais 1ª e 3ª das Leis de presupostos xerais do Estado 4/1990 e 39/1992.
- g) Funcionarios do corpo de vixilancia aduaneira.
- h) Funcionarios procedentes do extinguido servizo de inspección e asesoramento das Corporacións Locais dende o 1 de setembro de 1979.
- i) Os integrantes de corpos de nova creación no ámbito civil, como o Corpo Especial Facultativo de Mariña Civil (art.º 6 Real decreto 1055/2002, do 11 de outubro).
- j) Embaixadores e cónsules que representen a España no estranxeiro.
- h) Profesores universitarios que alcancen a condición de funcionario público, sexa como catedráticos ou como profesores titulares.
- k) Compoñentes da Orquestra Nacional de España que manteñan a súa condición de funcionarios públicos.

2.- Ademais, poden incorporarse opcionalmente (art.º 3.2 Real decreto 375/2003):

- a) Os que pasasen á condición de xubilados percibindo pensións de clases pasivas ao 20 de xullo de 1975.
- b) Pensionistas de xubilación anteriores a 30 de xuño de 1990 procedentes do extinguido Padroado Nacional Antituberculoso e das Enfermidades do Tórax, acollidos ao réxime de clases pasivas.
- c) Funcionarios provenientes dos Corpos Xerais Administrativo, Auxiliar e Subalterno da Administración Militar integrados nos Corpos da Administración Civil do Estado, en virtude do disposto no apartado 1 da disposición adicional 9ª Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (LMRFP), sempre e cando presten servizos na Administración Militar ou nos seus organismos públicos.
- d) Titulares de prazas non escalafonadas a extinguir de Matronas da Dirección Xeral da Garda Civil.
- e) Funcionarios de carreira dos corpos docentes regulados pola disposición adicional 7ª Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, acollido a réximes de Seguridade Social ou de previsión distintos do réxime de clases pasivas, que no momento de solicitude da xubilación voluntaria anticipada, opten por integrarse neste réxime (disposición transitoria 2ª. 5 Lei orgánica 2/2006).
- f) Catedráticos e profesores universitarios con praza vinculada a Institucións Sanitarias, que tivesen optado -tal e como lles permitía o art.º 27 Lei 55/1999, de 29 decembro- por seguir encadrado no réxime xeral, en cuxo caso serán obrigatoriamente incluídos neste réxime especial cando, por calquera motivo, queden desvinculados e continúen coa súa función docente (art.º 40.dos Lei 24/2001). Así mesmo, convén aclarar que o citado persoal docente, que non puidese acollerse ás previsións establecidas no art.º 27 Lei 55/1999 por pasar a desempeñar prazas vinculadas en virtude de concertos subscritos con posterioridade

ao 1 de xaneiro de 2000, puido optar, por unha soa vez e antes do 30 de xuño de 2002, por quedar amparado exclusivamente no réxime xeral ou no especial de Funcionarios Cívís. De non exercer tal dereito, automaticamente quedaba incluído no segundo, causando baixa no primeiro¹.

- g) Persoal pertencente aos corpos especiais de funcionarios técnicos do Estado ao servizo da Sanidade Local, cuxo réxime xurídico se establece na Lei 116/1966, do 28 de decembro, podendo optar, por unha soa vez e antes do 30 de xuño de 2001, entre a incorporación exclusivamente ao réxime xeral ou ao réxime especial de Funcionarios Cívís. De non exercer tal dereito, quedaban adscritos necesariamente ao réxime xeral, causando baixa no especial (art.º 38.3 Lei 14/2000, do 23 de decembro).

3.- Como posibles beneficiarios, cabe citar os seguintes familiares ou asimilados a cargo dun mutualista en alta (art.º 15.1 RD 375/2003):

- a) Cónxuxe ou persoa que conviva con este en análoga relación de afectividade cos mesmos requisitos establecidos no réxime xeral da Seguridade Social.
- b) Descendentes e fillos adoptivos de ambos os dous cónxuxes ou de calquera deles, estando incluídos os fillos da persoa que conviva co mutualista en análoga relación de afectividade á do cónxuxe cos requisitos establecidos no réxime xeral da Seguridade Social. Excepcionalmente os acollidos de feito quedan asimilados, a estes efectos, aos familiares mencionados, logo de acordo, en cada caso, da Mutualidade.
- c) Irmáns.

¹ SSTSX, Cont.-Admtivo., Comunidade Valenciana 13 febreiro 2003 (JUR 2004, 22565) e 31 marzo e 25 xuño 2003 (JUR 2003, 22821 e JUR 2004, 24186).

- d) Ascendentes, calquera que sexa a súa condición legal, e mesmo adoptivos, tanto do mutualista coma do seu cónxuxe, e os cónxuxes por posteriores nupcias de tales ascendentes.
- e) Calquera outra persoa relacionada co mutualista que se determine de acordo co disposto no réxime xeral.
- f) En todo caso, para ostentar a condición de beneficiario deberán cumprir os seguintes requisitos (art.º 15.2 Real decreto 375/2003):
 - 1º) Vivir co titular do dereito e ás súas expensas, non apreciándose falta de convivencia nos casos de separación transitoria e ocasional por razóns de traballo, imposibilidade de encontrar vivenda no novo punto de destino e outras circunstancias similares.
 - 2º) Non percibir ingresos por rendementos derivados do traballo, incluídos os de natureza prestacional, e/ou do capital mobiliario e inmobiliario, superiores ao dobre do salario mínimo, en referencia actual ao indicador público de efectos múltiples.
 - 3º) Non estar protexido, por título distinto, a través de calquera dos réximes que integran o Sistema español da Seguridade Social cunha extensión e contidos análogos aos establecidos no réxime xeral.
 - 4º) De falecer o funcionario en alta, poderán ser beneficiarias as seguintes persoas (art.º 16.1 Real decreto 375/2003): 1) Os viúvos e orfos de mutualistas, activos e xubilados, quedando asimilados aos primeiros os que perciban pensión de viuvez de clases pasivas por ser cónxuxes lexítimos ou parellas de feito de funcionarios incluídos no campo de aplicación do mutualismo, e sendo equiparados aos segundos o fillo menor de idade ou maior incapacitado que fose abandonado polo pai ou a nai mutualista. 2) O cónxuxe que viva separado dun mutualista en alta ou cuxo

matrimonio fose declarado nulo ou disolto por divorcio, e os fillos que convivan con aquel.

Sexa como for, a condición de beneficiario resulta incompatible con: a) un novo recoñecemento ou mantemento desa mesma condición a título derivado doutro mutualista no mesmo ámbito; b) a situación de mutualista obrigatorio; c) a pertenza a outro réxime do sistema da Seguridade Social, xa sexa como titular ou derivado (art.º 19.1 RD 375/2003).

4.- En fin, están expresamente excluídos do réxime aquí analizado os seguintes colectivos (art.º 3.3 RD 375/2003):

- a) Os funcionarios da Administración Local, tendo en conta que a MUNPAL, a pesar das súas dificultades económicas, subsistiu ata a promulgación do Real decreto 480/1993, do 2 de abril, que ordenou a integración de todos os seus afiliados, tanto clases activas como pasivas, no réxime xeral da Seguridade Social
- b) Dos organismos autónomos².
- c) Da Administración Militar.
- d) Da Administración de Xustiza.
- e) Da Administración da Seguridade Social³.
- f) De novo ingreso e en prácticas das Comunidades Autónomas.
- g) De carreira da Administración Civil do Estado transferidos ás Comunidades Autónomas que accedesen ou ingresen voluntariamente en corpos ou escalas propios da Administración territorial de destino, calquera que sexa o sistema de acceso⁴.
- h) O persoal de administración e servizos propio das Universidades.

² STS, Cont.-Admtivo., 18 maio 2005 (RJ 2005, 1774).

³ STSX, Cont.-Admtivo., Galicia 12 marzo 2003 (JUR 2003, 266961)

⁴ SSTs, Social, 30 novembro 2006 (RJ 2006, 9652) e 24 xullo 2009 (RJ 2009, 6814).

- i) Funcionarios procedentes da escala docente de Universidades Laborais⁵.
- j) O persoal do Centro Superior de Investigacións Científicas (Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro).
- l) Os legoeiros (Decreto 3184/1973, do 30 de novembro).
- m) Os médicos de asistencia médico-farmacéutica e de accidentes de traballo (Panizo Robles, 2011, páx. 5).

Sexa como for a disposición final 6ª da Lei 3/2017 do 27 de xuño de presupostos xerais do Estado para 2017, ademais de indicar a inclusión obrigatoria en MUFACE por parte dos funcionarios de carreira da Administración Civil do Estado, no momento da toma de posesión do seu cargo, cando adquiran a condición de funcionario, ou sexan rehabilitados na devandita condición, ou reingresen ao servizo activo, así como a conservación da condición de mutualistas cando sexan declarados xubilados de carácter forzoso por idade, de carácter voluntario ou por incapacidade permanente para o servizo, tamén dá solución ao problema creado polos funcionarios que, a través do sistema de promoción interna, pasan a outros corpos ou escalas interdepartamentais ou departamentais de organismos autónomos ou propios das Comunidades Autónomas, evitando así o seu ingreso no réxime xeral da Seguridade Social a través dun procedemento sinxelo, no cal o interesado pode exercer a correspondente opción polo sistema mutualista no prazo de 15 días dende a toma de posesión no novo corpo ou escala. Procede aclarar, non obstante, que o mantemento dos interesados no mutualismo administrativo non comporta a inclusión no réxime de clases pasivas do Estado, non en van a efecto de pensións e outras prestacións económicas encóntranse protexidos polo réxime xeral (Panizo Robles, 2017, páx. 169).

⁵ SSTSX, Cont.-Admtivo., La Rioja 17 decembro 2002 (JUR 2003, 74509) e Madrid 11 outubro 2004 (JUR 2005, 70039)

3. A LICENZA POR ENFERMIDADE

Despois de quedar claros os colectivos de funcionarios incluídos no ámbito de atención de MUFACE, procede agora dar un paso máis para destacar as peculiaridades existentes en canto á tutela dispensada por esta Mutualidade en relación coa continxencia de incapacidade temporal, entendendo que protexe a imposibilidade transitoria de prestación de servizos consecuencia dun proceso patolóxico por enfermidade, común ou profesional, ou por accidente, sexa ou non en acto de servizo, sempre e cando o funcionario reciba asistencia sanitaria para a súa recuperación (art.º 88 Real decreto 375/2003).

Como especialidades máis destacadas que esixen unha reflexión máis detida, cabe mencionar as cinco seguintes: 1) corresponde a MUFACE ou á entidade coa que esta concerte a dispensa da asistencia sanitaria; 2) é necesario que concorra un requisito adicional *sine qua non*, como é o de ter obtido unha licenza por enfermidade de acordo co procedemento establecido tras a presentación do pertinente parte médico xustificativo⁶; 3) en canto á contraprestación económica, o art.º 9 Real decreto lei 20/2012 establece que os funcionarios adscritos aos réximes especiais de Seguridade Social xestionados polo Mutualismo administrativo non poderán percibir unha cantidade inferior en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns á que corresponda aos funcionarios incluídos no réxime xeral, limitando, ao tempo, as melloras voluntarias desta situación; 4) o concepto de recaída é moito máis amplo no mutualismo administrativo; 5) distinto é igualmente o procedemento para a extinción da incapacidade temporal por pasar á situación de xubilación por incapacidade permanente para o servizo.

⁶ STS, Cont.-Admtivo., 18 setembro 2001 (RJ 2001, 7899).

4. ASISTENCIA SANITARIA

Partindo da vocación universal da asistencia sanitaria como dereito da cidadanía, o deseño desta prestación nos réximes especiais de funcionarios vén a coincidir no substancial co previsto para o resto dos traballadores en canto ao seu obxecto, contido e alcance. Cabe destacar, non obstante, algunha especialidade digna de mención:

A principal vén dada pola modalidade de desfrute, pois esta será facilitada pola Mutualidade correspondente, ben directamente ou por concerto con outras entidades ou establecementos públicos ou privados e preferentemente con institucións da Seguridade Social, correspondendo a opción entre o elenco de posibilidades ofertadas ao beneficiario (Blasco Lahoz, 2002, páx. 937). Cando a asistencia se preste mediante concerto, os mutualistas poden elixir libremente, no momento da afiliación, a entidade concertada que desexen, sendo posible cambiar a seleccionada no mes de xaneiro de cada ano (López Gandía e Momparler Carrasco, 2010, páx. 36).

Ademais, a asistencia sanitaria alcanza á dispensa dos servizos médicos, cirúrxicos e farmacéuticos, conducentes a conservar ou restablecer a saúde e a aptitude para o traballo dos beneficiarios, incluíndo a rehabilitación física necesaria para a recuperación profesional dos incapacitados con dereito a ela (art.º 13 Real decreto legislativo 4/2000) e os tratamentos de reprodución asistida ben por esterilidade do funcionario/a ou do seu cónxuxe⁷. As continxencias cubertas son a enfermidade común ou profesional, as lesións ocasionadas por accidente común ou acaecido en acto de servizo e o embarazo, o parto e o puerperio (art.º 14 Real decreto legislativo 4/2000).

A disposición adicional 7ª TRLXSS aclara que a cobertura da asistencia sanitaria dos funcionarios procedentes do extinguido réxime especial de Funcionarios da Administración Local (MUMPAL), que viñesen percibindo a prestación do Sistema Nacional de Saúde e con cargo ás

⁷ STSX, Cont.-Admtivo., Valencia 24 novembro 2017 (rec. 321/2016).

Corporacións, Institucións ou Entidades que integran a Administración Local, queda a todos os efectos sometida ao réxime xurídico e económico aplicable na acción protectora do réxime xeral.

A prestación farmacéutica comprende as fórmulas maxistras, as especialidades e os efectos e accesorios farmacéuticos e outros produtos sanitarios [art.º 16 b) Real decreto 375/2003], coa extensión recoñecida aos beneficiarios do réxime xeral da Seguridade Social. O pagamento dos medicamentos distribuirase entre a Xestora e os beneficiarios, que participarán mediante o aboamento dunha cantidade por receita ou, no seu caso, por medicamento [art.º 16 b) Real decreto legislativo 4/2000], cuxo importe foi fixado, con carácter xeral, no 30 por 100 do prezo de venda ao público do produto descrito, tanto para os mutualistas en situación de actividade coma para os xubilados (Rodríguez Cardo, 2008, páx. 122).

Recoñécense, ademais, axudas para próteses dentarias e oculares, así como outras complementarias (como audiófono, colchón anti escaras e larinxófono), ao igual que por material ortoprotésico (próteses externas, cadeiras de rodas, ortesis e próteses especiais).

5. O PROCESO DE INCAPACIDADE TEMPORAL: NACEMENTO

Certo é que no réxime xeral da Seguridade Social, son varios os órganos implicados: a entidade xestora (INSS); a entidade colaboradora (Mutua ou empresa); e os correspondentes organismos sanitarios (Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas ou Instituto Nacional de Xestión Sanitaria). Atendendo ao disposto no art.º 83 TRLXSS e no Real decreto 1993/1995, de 7 de decembro, esta imbricación plurisubxectiva non distingue en función da natureza pública ou privada do suxeito que actúa como empresario, de modo que tamén as Administracións van poder decidir a atribución da xestión das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e da prestación económica de incapacidade temporal derivada de

continxencias comúns ao INSS ou a unha Mutua se de funcionarios incluídos no réxime xeral se trata, subscribindo neste último caso un convenio de asociación que garanta unha selección axustada aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos de adxudicación, e non discriminación e igualdade de trato entre candidatos, asegurando ao tempo a eficiente utilización dos fondos, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa, tal e como prevé o art.º 1 Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)⁸.

Moito máis sinxela é a xestión da situación de incapacidade temporal dos funcionarios protexidos por MUFACE, pois atendendo ao disposto na Orde de 30 de xuño de 2010 o proceso iníciase co parte médico a cargo da entidade correspondente ou do Servizo Público ao que se encontre adscrito o funcionario, que deberá ser presentado dentro dos catro días hábiles seguintes ao órgano competente en materia de persoal, circunstancia que leva consigo implícita a solicitude da concesión da licenza inicial e das sucesivas prórrogas. Unha vez recibido o parte médico inicial ou de confirmación da baixa, o órgano de persoal dispoñerá o conveniente en canto á concesión da licenza inicial e das súas prórrogas, contando con posibilidades de asesoramento a través das unidades médicas correspondentes. Se destes informes de recoñecemento, o resultado fose desfavorable para a continuidade da licenza, o órgano de persoal declarará a súa extinción e comunicarllo ao mutualista para que se incorpore ao posto de traballo (art.º 8). En todo caso, naquelas situacións de incapacidade temporal nas que se denegue o permiso por existir contradición entre o parte de baixa e o sentido do informe emitido polas unidades médicas que dependan ou presten a súa colaboración co órgano de persoal competente

⁸ Informe 23/2009, do 4 de novembro, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón.

para expedir a licenza, o mutualista poderá pedir, no prazo de 10 días e con comunicación ao devandito órgano de persoal, unha valoración do caso á súa instancia polas unidades médicas de seguimento. O resultado desta valoración terá carácter vinculante para a nova resolución a ditar polo órgano de persoal, a cal confirmará a denegación da licenza ou revogará a resolución inicial, procedendo a conceder o asueto coa mesma data de efectos da resolución revogada (Orde de 30 de xuño de 2010). Por Resolución do 25 de xaneiro de 2017, publícase o acordo de encomenda de xestión entre a Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado e o Instituto Nacional da Seguridade Social para a realización de determinados recoñecementos médicos dos mutualistas para os efectos de seguimento desta situación.

Tal control terá lugar nos seguintes supostos: 1. Procesos cuxa duración supere os tempos óptimos especificados para cada patoloxía nos protocolos técnicos utilizados polo INSS ou elaborados expresamente pola Mutualidade. 2. Cando o mutualista solicite expresamente a MUFACE unha valoración da súa situación, tras serlle denegada a súa solicitude de licenza por enfermidade por existir contradición entre o parte de enfermidade e o sentido do informe emitido polas unidades médicas que dependan ou presten a súa colaboración co órgano de persoal competente para expedir a licenza. 3. Cando o respectivo órgano de persoal solicite a MUFACE o control dunha situación determinada, con ou sen estudo de recaída asociado. 4. Cando exista calquera outro proceso de incapacidade temporal en que se emitise o informe de ratificación do décimo mes e antes do cumprimento do duodécimo mes dende o inicio desta, para os efectos da concesión da prórroga máis alá do prazo de 365 días. 5. Cando exista calquera outro proceso de incapacidade temporal en que se emitise o informe de ratificación do décimo sexto mes e antes do cumprimento do décimo oitavo mes dende o inicio desta, para os efectos da concesión da prórroga máis alá do prazo de 545 días.

6. BASE REGULADORA, CONTÍA DA PRESTACIÓN E COMPLEMENTOS ECONÓMICOS

Segundo o art.º 171 TRLXSS, o montante da prestación por incapacidade temporal consiste, para o réxime xeral, nun subsidio equivalente a un tanto por cento sobre a base reguladora, diferente segundo a orixe común ou profesional da continxencia (Pérez Alonso, 2013, páx. 249): no primeiro suposto será do 60 por 100 dende o cuarto ao vixésimo día, pasando despois ao 75 por 100, mentres no segundo será do 75 por 100 dende o inicio. Para lucrar o dereito ao auxilio económico, o beneficiario ten de acreditar un período de carencia de 180 días dentro dos 5 anos inmediatamente anteriores ao feito causante se se trata de enfermidade común, sen esixirse ningún tipo de achega previa cando acaeza un accidente, sexa ou non de traballo, ou unha enfermidade profesional (art.º 172 TRLXSS) (López Insua, 2014, páx. 129). Se deriva de continxencias comúns, a base reguladora é o resultado de dividir a base de cotización (remuneracións percibidas no mes anterior ao feito causante, conxeladas en xuño de 2010 para os empregados que prestaban servizos nesa data) polo número de días a que a devandita cotización se refire (30 se o salario é mensual, 30, 31, 28 ou 29 se o salario é diario). Se provén de continxencias profesionais, a base reguladora obtense da adición de dous sumandos: a base de cotización por continxencias profesionais do mes anterior, sen horas extraordinarias, dividida polo número de días a que corresponde a devandita cotización, xunto á cotización por horas extraordinarias do ano natural anterior, dividida entre 365 días.

O empregador queda obrigado, así, a aboar a prestación dende o día cuarto ao décimo quinto (isto é, os 12 primeiros días) se se trata de continxencias comúns (López Insua, 2017, páx. 324) e o mesmo día da baixa se se trata de continxencias profesionais. Igualmente, co fin de axilizar o efectivo aboamento ou dispensa inmediata do subsidio, o art.º 102 c) TRLXSS senta que as empresas están obrigadas a pagar aos traballadores a prestación económica por incapacidade temporal a cargo da Entidade Xestora ou

colaboradora como pagamento delegado, compensándose o seu importe na liquidación das cotizacións sociais que deben ingresar. Polo tanto, mediante esta fórmula descentralízase dun xeito imperativo nas empresas, calquera que sexa o número de traballadores, o pagamento da continxencia para posteriormente serlle reintegrado na mesma contía económica, de modo que en ningún momento a Entidade Xestora ou colaboradora perda a súa condición de suxeito obrigado e responsable do pagamento. Esta colaboración obrigatoria comprenderá tanto ás incapacidades temporais derivadas de accidente non laboral e enfermidade común, como ás provenientes de causas profesionais. Así pois, comezará o pagamento da prestación cando se trate de riscos comúns a partir do décimo sexto día da baixa e se se trata de continxencias profesionais (incluído o período de observación por enfermidades profesionais), ao día seguinte da concesión do parte médico de baixa.

Pola súa banda, en virtude do previsto no actualmente derogado art.º 69 do Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, polo que se aproba a Lei Articulada de Funcionarios Cívís do Estado, "as enfermidades que impidan o normal desempeño das funcións públicas darán lugar a licenzas de ata tres meses cada ano natural, con plenitude de dereitos económicos". Esta previsión, de aplicación a todos os funcionarios públicos, incorporada con posterioridade no art.º 21.1 Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, foi derogada polo Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade.

Fronte ao réxime anterior que atribuíu aos funcionarios o 100 por 100 das súas retribucións durante os tres primeiros meses de incapacidade temporal, o art.º 9 Real decreto lei 20/2012, de aplicación exclusiva ao persoal ao servizo das Administracións Públicas, pero non aos outros entes do sector público empresarial ou fundacional⁹, establece un réxime de habilitación ás devanditas Administracións para que, con claros límites, poidan complementar as situacións

⁹ STS, Social, 15 marzo 2017 (RJ 2017, 74357).

de incapacidade temporal con diferentes porcentaxes, atendendo ao concreto réxime de Seguridade Social afectado, sexa o xeneral, sexan os especiais. Non se asegura así unha disposición uniforme para todos os empregados públicos dos diferentes ámbitos administrativos, senón que outorga liberdade para fixar parámetros de complemento diferentes (art.º 9.5)¹⁰.

Polo que se refire aos funcionarios incluídos no réxime xeral da Seguridade Social, o cadro de limitacións resultante é o seguinte (Molina Navarrete, 2012, páx. 61):

a) Baixas de incapacidade temporal comúns inferiores a 4 días (polo tanto, 3 como máximo): poderase recoñecer un complemento retributivo ata alcanzar un máximo do 50 por 100 das retribucións que se perciban no mes anterior -básicas e complementarias-.

b) Baixas de incapacidade temporal comúns de 4 a 20 días ambos os dous inclusive: o complemento retributivo poderá alcanzar o 75 por 100 das retribucións -recórdese que a prestación de Seguridade Social chega ao 60 por 100 da base reguladora-.

c) Baixas de incapacidade temporal comúns de 21 a 90 días, ambos os dous inclusive: o complemento da prestación poderá alcanzar ata o 100 por 100 da retribución mensual superior.

d) Baixas de incapacidade temporal por continxencias profesionais independentemente da súa duración: pódese complementar ata o 100 por 100.

Doutra parte, cabe aclarar que se se tratase de baixas por continxencias comúns no réxime do mutualismo administrativo, non hai complemento senón pagamento directo das retribucións por cada Administración, establecendo as mesmas porcentaxes e tramos que para o réxime xeral, de modo que durante os tres primeiros días o funcionario ao servizo da Administración recibirá o 50 por

¹⁰ Cabe facer referencia a xeito de exemplo aos Decretos-leis 2/2012 e 2/2013, da Generalitat de Cataluña.

100 das retribucións, do 4º ata o 20º, o 75 por 100 e a partir do día 21º, o 100 por 100. Se se trata de continxencias profesionais, poderase recoñecer unha prestación equivalente ao 100 por 100 das retribucións que viñeran percibindo o mes anterior (Sánchez-Hurán, 2012, páx. 190).

A partir do nonaxésimo día, o funcionario protexido por MUFACE terá dereito a percibir as retribucións básicas e, no seu caso, a prestación por fillo a cargo, pola súa unidade pagadora e un subsidio complementario a cargo da Mutualidade, de contía fixa e invariable, que será a maior das seguintes cantidades (art.º 94 Real decreto 375/2003): ben o 80 por 100 das retribucións básicas (soldo, trienios e grao, se é o caso) incrementadas na sexta parte dunha paga extraordinaria, correspondentes ao terceiro mes de licenza, ben o 75 por 100 das retribucións percibidas no terceiro mes de licenza (art.º 96 Real decreto 375/2003)¹¹. A concesión dese subsidio esixe que o beneficiario cubrise un período de 6 meses de cotización, salvo cando a incapacidade temporal se produza por acto de servizo ou enfermidade profesional (Madrid Yagüe, 2012, páx. 145).

Este elenco de circunstancias leva consigo, ao cabo, dúas diferenzas substanciais entre os funcionarios incluídos no réxime xeral e os protexidos por MUFACE, pois, dun lado, os segundos só teñen garantidos os complementos ata o día 90, ao tempo que a base reguladora aplicable é inferior tomándose en conta o salario do último mes que só inclúe retribucións fixas e invariables, mentres para os primeiros os complementos se gozan sen tope máximo prefixado e a base reguladora comprende tamén as retribucións variables (Pérez Alonso, 2017, páx. 259 e ss.).

Como cláusula de peche, admítese que cada Administración Pública determine a posibilidade de establecer, de forma excepcional, un complemento ata alcanzar o 100 por 100 das retribucións que viñeran gozando en cada momento,

¹¹ STSX, Cont.-Admtivo., Andalucía/Málaga 11 xullo 2012 (JUR 2013/295992).

considerándose en todo caso debidamente xustificados os supostos de intervención cirúrxica ou hospitalización.

Nesta liña, algunhas Comunidades Autónomas e Corporacións Locais fixaron o complemento do 100 por 100 en relación coas enfermidades graves, recollidas no Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo, como é o caso, a título meramente exemplificativo demostrativo dunha gran variabilidade de opcións, da Comunidade Autónoma de Andalucía, Aragón ou a Deputación de Badaxoz. E mesmo -no que é un mero exemplo- o Concello de Cambrils (Barcelona) inclúe ás enfermidades contaxiosas previstas no Real decreto 2210/1995. Tamén, tanto o Estado coma o resto de Comunidades Autónomas e Corporacións Locais fixaron o complemento do 100 por 100 nos casos de baixas por embarazo, maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, violencia de xénero ou enfermidades graves sen hospitalización.

A Lei 17/2012, de presupostos xerais do Estado, na súa disposición adicional trixésima oitava, establece unha regra conforme á cal a ausencia ao traballo por causa de enfermidade ou accidente que non dea lugar a unha situación de incapacidade temporal comportará, nos termos e condicións que establezan respecto ao seu persoal cada unha das Administracións públicas, "a aplicación do desconto en nómina previsto para a incapacidade temporal" salvo os supostos recollidos na disposición adicional 38ª respecto de ausencias por enfermidade ou accidente que non dean lugar a incapacidade temporal onde se permiten catro días de ausencia de enfermidade ou accidente no ano natural sen desconto ningún.

7. RECAÍDAS

Se se trata de mutualistas, acóllese un concepto moi amplo de recaída, de modo que non se inicia unha nova situación de incapacidade temporal "cando a licenza concluíu e volva necesitar asistencia sanitaria e a estar incapacitado para o servizo dentro dun prazo non superior a 180 días naturais dende que se produciu a conclusión da devandita licenza por

enfermidade, como consecuencia do proceso patolóxico que determinase a súa anterior incapacidade temporal ou doutro derivado do anterior, tras a conseguente valoración médica" [art.º 12 d) Orde do 30 de xuño de 2010].

Maiores son as aclaracións introducidas para os funcionarios protexidos polo réxime xeral, entendendo que existe recaída se, dentro dun proceso patolóxico da mesma natureza, a situación de incapacidade temporal se ve interrompida por un ou varios períodos de actividade de duración inferior a seis meses, considerando que hai unha soa situación de incapacidade temporal sometida a un único prazo máximo por entender que se trata dun período unitario¹². Agora ben, no réxime xeral considéranse situacións de incapacidade temporal distintas se os períodos intermedios de actividade son superiores a seis meses¹³ ou cando sendo de duración inferior, se trata claramente de enfermidades que non dan lugar a procesos patolóxicos da mesma natureza, de modo que "cando as baixas non obedecen á mesma enfermidade, non pode falarse de recaída senón de procesos novos"¹⁴. En todo caso, cando a alta sexa expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social, este será o único competente, a través dos seus propios inspectores médicos, para emitir unha nova baixa médica producida pola mesma ou similar patoloxía nos cento oitenta días seguintes á citada alta médica (art.º 170.2 TRLXSS)¹⁵. Ademais, cando, iniciado un expediente de incapacidade permanente antes de que transcorresen os cincocentos corenta e cinco días naturais de duración do subsidio de incapacidade temporal fose denegado o dereito á prestación de incapacidade permanente, o Instituto Nacional da Seguridade Social será o único competente para emitir, dentro dos cento oitenta días naturais posteriores á resolución desestimatoria, unha nova baixa médica por esta ou similar patoloxía, a través

¹² STS, Social, 3 xullo 2013 (RJ 2013, 5166).

¹³ STS, Social, 1 febreiro 1999 (RJ 1998, 1143).

¹⁴ SSTs, Social, 7 abril 1998 (RJ 1998, 2691) e 26 setembro 2001 (RJ 2002, 326).

¹⁵ SSTs, Social, 23 xuño 2009 (RJ 2009, 4428), 13 xullo 2009 (RJ 2009, 4690), 23 xullo 2010 (RJ 2010, 7287) e 17 marzo 2015 (RJ 2015, 2337).

dos órganos competentes para avaliar, cualificar e revisar a situación de incapacidade permanente do traballador (art.º 174.2 TRLXSS). En fin, extinguido o dereito á prestación de incapacidade temporal polo transcurso do prazo de cincocentos corenta e cinco días naturais de duración, con ou sen declaración de incapacidade permanente, só poderá xerarse dereito á prestación económica de incapacidade temporal pola mesma ou similar patoloxía, se media un período superior a cento oitenta días naturais, a contar dende a resolución da incapacidade permanente (art.º 174.3 TRLXSS)¹⁶.

8. EXTINCIÓN ANTE A DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE

De conformidade co previsto no art.º 174 TRLXSS, a situación de incapacidade temporal extinguirse, entre outras causas, por ser dado de alta o traballador con declaración de incapacidade permanente. E iso porque a situación de incapacidade temporal é sempre transitoria ou de curta extensión temporal, existindo uns límites legais claros, coincidentes no réxime xeral e no mutualismo para as catro causas produtoras da situación de necesidade obxecto de cobertura (accidente de traballo, enfermidade profesional, patoloxía común ou accidente non laboral), non en van un dos trazos caracterizadores é a convicción médica de que a afección non é permanente, senón que é susceptible de superación recobrando a capacidade ou, como mínimo, experimentando melloría coa asistencia sanitaria axeitada.

No momento no cal o diagnóstico cambia e resulta claro que a curación non é posible, e que as lesións, enfermidades ou secuelas son previsiblemente estables, xa non se trata dunha indisposición temporal, senón dunha doenza permanente¹⁷, situación a recoñecer no réxime xeral polo

¹⁶ STS, Social, 1 abril 2009 (RJ 2009, 2879).

¹⁷ SSTs, Social, 24 de novembro 1998 (RJ 1998, 10031) e 6 novembro 2000 (RJ 2000, 9633)

Equipo de Valoración de Incapacidades do INSS ao esgotarse os medios e procedementos necesarios para restablecer a saúde, en canto que o estado de indisposición quedou definitivamente consolidado¹⁸.

Pola súa banda, se se tratase de mutualistas, en calquera momento que se prevexa que a enfermidade ou lesión por accidente impedirá definitivamente o desempeño das funcións públicas, o órgano de xubilación competente iniciará de oficio ou a instancia do interesado o procedemento de xubilación por incapacidade permanente para o servizo (art.º 20.3 Real decreto legislativo 4/2000) (Blasco Lahoz, 2013, páx. 321), acompañado da percepción dunha pensión a cargo do réxime de clases pasivas, sempre que o interesado veña afectado por unha "lesión derivada dun proceso patolóxico, somático ou psíquico que estea estabilizado e sexa irreversible ou de remota ou incerta irreversibilidade, que lle imposibilite totalmente para o desempeño das funcións propias do seu corpo, escala, praza ou carreira", de acordo co ditame preceptivo e vinculante do órgano médico que en cada caso corresponda [art.º 28.2 c) LCPE] (Dolz Lago, 2004, páx. 41). Esta pensión calcúlase igual que a ordinaria de xubilación por idade, coa particularidade de que cando a incapacidade permanente se produce estando o funcionario en servizo activo ou situación equiparable, se considerarán como servizos efectivos, ademais dos acreditados ata ese momento, os anos completos que resten ao funcionario para cumprir a idade de xubilación, entendéndose estes como prestados no corpo, praza, escala, emprego ou categoría en que figura inscrito no momento de producirse o cesamento (Lorenzo Jiménez, 1985, páx. 33). Non obstante, a partir do 1 de xaneiro de 2009, cando no momento de producirse o feito causante, o interesado acredite menos de 20 anos de servizos e a incapacidade non lle inhabilitase para toda profesión ou oficio, a contía da pensión ordinaria de xubilación reducirase nun 5 por 100 por cada ano completo de servizo que lle falta ata cumprir os 20 anos de dedicación, cun máximo do 25 por 100

¹⁸ STS, Social, 14 marzo 2007 (RJ 2007, 4996).

para os que acrediten 15 ou menos anualidades. Se con posterioridade ao recoñecemento da pensión e antes do cumprimento da idade de xubilación se producise un agravamento da enfermidade ou lesións do interesado de maneira que o inhabilitasen para o desempeño de toda profesión ou oficio, poderá solicitar o incremento da contía ata o 100 por 100 da que lle correspondese (Olarte Encabo, 2009, páx. 55).

Ademais da atención de clases pasivas, MUFACE tamén tutela os seguintes supostos:

- a) A grande invalidez, definida como a situación do mutualista que, xubilado por incapacidade permanente para o servizo (non por idade), se encontre afectado por algunha das seguintes afeccións: perda total da visión de ambos os dous ollos; perda anatómica ou funcional, total ou nas súas partes esenciais, das dúas extremidades superiores ou das dúas inferiores, conceptuándose como tales partes esenciais o pé e a man; calquera outra perda anatómica ou funcional que comporte a necesidade do mutualista de ser asistido por outra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos (art.º 104 Real decreto 375/2003). Estas circunstancias darán dereito a unha prestación económica de carácter mensual, incluídas dúas pagas extraordinarias ao ano, destinada a remunerar á persoa encargada da súa asistencia, equivalente ao 50 por 100 da pensión de xubilación que lle corresponda conforme á cantidade íntegra que se lle acredite polo réxime de clases pasivas en cada momento (art.º 106 Real decreto 375/2003)¹⁹.
- b) Os danos permanentes non invalidantes, isto é, as lesións, mutilacións e deformacións de carácter definitivo causadas por enfermidade profesional ou en acto de servizo que, sen chegar a alcanzar o grao de incapacidade permanente total, absoluta ou

¹⁹ STSX, Cont.-Admtivo., Valencia, 29 xuño 2012 (JUR 2012/358966).

grande invalidez, supoñan unha alteración ou diminución da integridade física do funcionario (art.º 109 Real decreto 375/2003), levan consigo unha indemnización consistente no aboamento, por unha soa vez, dunha das dúas cantidades seguintes: dun lado, a contía que corresponda como resultado da aplicación do baremo establecido para o réxime xeral da Seguridade Social, sempre que se trate de detrimentos que non constitúan incapacidade permanente en ningún dos seus graos e aparezan recollidos neste (Orde 28 xaneiro 2013); doutro, se as lesións son constitutivas dunha incapacidade permanente parcial para a función habitual, a cantidade a aboar será a equivalente a 24 mensualidades da base de cotización ao mutualismo administrativo vixente no mes da primeira licenza por enfermidade ou, no seu defecto, na mensuralidade en que se produciu o accidente ou se diagnosticou a doenza que deu lugar ás reducións anatómicas ou funcionais (art.º 110 Real decreto 375/2003)²⁰.

9. BIBLIOGRAFÍA

Blasco Lahoz, J.F.: "Las prestaciones sanitarias del mutualismo administrativo", *Actualidad Laboral*, T. III, 2002.

Blasco Lahoz, J.F.: "La acción protectora del régimen de clases pasivas del Estado y del régimen especial de funcionarios civiles del Estado, pensiones por jubilación o retiro. Prestaciones de incapacidad temporal", en AA.VV (Pérez Alonso, M.A.; Belando Garín, B. e Fabregat Monfort, G., Dirs.): *Derecho del Empleo Público*, Valencia (Tirant Lo Blanch), 2013, pág. 321.

Carrasco Belinchón, J.: "El Estatuto de clases pasivas y la Seguridad Social del funcionario público", *Documentación Administrativa*, núm. 12, 1958.

²⁰ STSX, Cont.-Admtivo., País Vasco 21 marzo 2003 (JUR 2003, 142284).

- Dolz Lago, M.J.: *El régimen especial de Seguridad Social de los funcionarios de la Administración civil del Estado*, Valencia (Tirant Lo Blanch), 2004.
- Fernández Fernández, R. y Rodríguez Escanciano, S.: "Reducción de jornada de funcionarios interinos: ¿es posible el acceso a la prestación por desempleo parcial", *Revista de Derecho de la Seguridad Social*, núm. 8, 2016.
- García Nuñez, J.I. y Dolz Lago, M.J.: "Regímenes especiales de funcionarios", en AA.VV (De La Villa Gil, L.E., Dir.): *Derecho de la Seguridad Social*, Valencia (Tirant Lo Blanch), 1997.
- López Gandía, M. y Momparler Carrasco, M.A.: *Regímenes especiales de la Seguridad Social*, 8ª edición, Valencia (Tirant Lo Blanch), 2010.
- López Insua, B.M.: *La incapacidad temporal en el sistema de Seguridad Social*, Granada (Comares), 2014.
- Lorenzo Jiménez, J.V.: "La jubilación por incapacidad de los funcionarios de los organismos autónomos", *Documentación Administrativa*, núm. 203, 1985.
- Madrid Yagüe, P.: "La protección social de los funcionarios públicos. La integración de los funcionarios de nuevo ingreso a los efectos de clases pasivas en el régimen general de la Seguridad Social. El art. 20 del Real Decreto Ley 13/2010, de 3 de diciembre, de actuaciones en el ámbito fiscal, laboral y liberalizadoras para fomentar la inversión y la creación de empleo", *Revista Española de Derecho del Trabajo*, núm. 154, 2012.
- Molina Navarrete, C.: "De la flexibilidad laboral al ajuste social total: lo que el austeritario Real Decreto Ley 20/2012 se llevó, de momento", *Revista Trabajo y Seguridad Social (Centro de Estudios Financieros)*, núm. 356, 2012.
- Monereo Pérez, J.L., "Proceso de convergencia e integración de los regímenes de Seguridad Social: significación y aspectos críticos", *Temas Laborales*, núm. 112, 2011.
- Olarte Encabo, S.: "Gran invalidez de derecho del trabajo: paradojas del derecho de la Seguridad Social", *Temas Laborales*, núm. 98, 2009.

- Panizo Robles, J.A.: "El final de las entidades sustitutorias de la Seguridad Social: la integración en el régimen general de la Seguridad Social del colectivo de médicos de asistencia médico-farmacéutica y de accidentes de trabajo", *Revista Trabajo y Seguridad Social (Centro de Estudios Financieros)*, núm. 327, 2010, pág. 5.
- Panizo Robles, J.A.: "La Seguridad Social en los Presupuestos Generales del Estado para 2017", *Revista Trabajo y Seguridad Social (Centro de Estudios Financieros)*, núms. 413-414, 2017.
- Pérez Alonso, M.A.: "La posible inconstitucionalidad del Mutualismo administrativo en relación con la prestación de incapacidad temporal y los complementos a cargo de la Administración Pública, en relación con los empleados públicos encargados en el régimen general de la Seguridad Social", en AA.VV.: *Las incapacidades laborales y la Seguridad Social en una sociedad en transformación*, Murcia (Laborum), 2017.
- Pérez Alonso, M.A.: "La protección del empleado público encuadrado en el régimen general de la Seguridad Social", en AA.VV (Pérez Alonso, M.A.; Belando Garín, B. e Fabregat Mofort, G., Dirs.): *Derecho del empleo público*, Valencia (Tirant Lo Blanch), 2013.
- Rodríguez Cardo, I.A.: *La Seguridad Social de los empleados, cargos y servidores públicos*, Pamplona (Aranzadi), 2008.
- Rodríguez Escanciano, S.: "Reflexiones sobre el mutualismo administrativo en un contexto de simplificación de los regímenes especiales de la Seguridad Social", en AA.VV (Fernández Domínguez, J.J. e Martínez Barroso, M.R., Dirs.): *Regímenes y Sistemas Especiales de la Seguridad Social. Entre su pervivencia y su necesaria reforma*, Pamplona (Aranzadi), 2011.
- Sánchez-Urán Azaña, Y.: "Empleo público y Seguridad Social", *Revista Española de Derecho del Trabajo*, núm. 156, 2012.

